



FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE TRABALLADOR SOCIAL DO CONCELLO DE VIMIANZO

CUESTIONARIO TIPO TEST DE 40 PREGUNTAS SOBRE OS TEMAS XERAIS DO PROGRAMA (ANEXO II)

NOME E APELIDOS:

D.N.I.

1.- Indique cal dos seguintes órganos ostenta a xefatura de persoal dun concello cunha poboación de 2600 habitantes:

- a) O Pleno
- b) A Xunta de Goberno Local
- c) O Alcalde**
- d) A comisión de persoal

2.- Cal dos seguintes órganos non é de existencia preceptiva nun concello de 3000 habitantes:

- a) O Pleno
- b) A Xunta de Goberno Local**
- c) O Alcalde
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

3.- Que funcionario ostenta a función de fe pública nun concello de 2600 habitantes:

- a) O Tesoureiro
- b) O Secretario
- c) O Oficial Maior
- d) O Secretario-interventor**

4.- Indique cal é o carácter normativo dunha ordenanza municipal:

- a) Lexislativo



FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE TRABALLADOR SOCIAL DO CONCELLO DE VIMIANZO

b) Regulamentario

- c) Constitucional
- d) Non ten carácter normativo

5.- Cal dos seguintes órganos ten potestade para dictar actos que poñen fin á vía administrativa a nivel municipal:

- a) O Pleno
- b) O Alcalde

c) As dúas anteriores son correctas

- d) Ningunha das anteriores é correcta.

6.- Cal é o rexistro no que se inscriben os veciños do municipio que residen nel:

- a) O censo electoral

b) O padrón de habitantes

- c) O censo
- d) O censo de habitantes

7.- Indique cal é a denominación da Lei 39/2015:

- a) lei de réxime xurídico

b) lei de procedemento administrativo común

- c) lei de organización e funcionamento
- d) lei de réxime local

8.- ¿Que artigo da Constitución garante a autonomía municipal?

- a) O artigo 9.3

- b) O artigo 14

c) O artigo 140

- d) O artigo 142



FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE TRABALLADOR SOCIAL DO CONCELLO DE VIMIANZO

9.- Que artigo da Lei 39/2015 regula os rexistros:

- a) O artigo 38
- b) Ningún
- c) O artigo 16**
- d) O artigo 35

10.- O artigo 35 da Lei 39/2015 establece a obriga de motivar os actos administrativos nos seguintes casos:

- a) Cando limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos**
- b) Sempre
- c) Cando os dicte o alcalde
- d) En ningún caso

11.- ¿En que prazo debe notificarse un acto administrativo?

- a) O mesmo día no que se dicta
- b) En cinco días dende que se anota a saída no Rexistro
- c) En dez días naturais dende que se dita
- d) En dez días hábiles dende que se dita**

12.- ¿En que prazo deben emitirse os informes en fase de instrucción dun procedemento administrativo?

- a) Dez días hábiles**
- b) De xeito inmediato
- c) Dez días naturais
- d) Quince días

13.- Como regra xeral, os acordos municipais adoptáanse por:

- a) Unanimidade



FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE TRABALLADOR SOCIAL DO CONCELLO DE VIMIANZO

b) Maioría simple

c) Maioría de dous terzos

d) Maioría absoluta

14.- Nun municipio coma Vimianzo, os plenos deben celebrarse como mínimo coa seguinte periodicidade:

a) Cada quince días

b) Cada dous meses

c) Cada mes

d) Cando os convoque o alcalde

15.- O documento no que se recolle o acontecido nas sesións dos órganos colexiados municipais denomínase:

a) Edicto

b) Acta

c) Resolución

d) Providencia

16.- ¿A que órgano municipal lle corresponde a competencia para a aprobación inicial dun regulamento?

a) Ao Pleno

b) Ao Alcalde

c) Ás comisións informativas

d) Ningunha das anteriores é correcta

17.- Que recursos en vía administrativa caben contra un decreto do alcalde que pon fin á vía administrativa:

a) Recurso potestativo de reposición

b) Recurso contencioso administrativo

c) Recurso de alzada



FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE TRABALLADOR SOCIAL DO CONCELLO DE VIMIANZO

d) Recurso de revisión

18.- ¿Que artigo da Lei 7/1985 regula as materias nas que os municipios exercerán competencias nos termos da lexislación estatal e autonómica?

a) O artigo 1

b) O artigo 25

c) O artigo 26

d) O artigo 28

19.- En que regulamento se establece o réxime de organización e funcionamento das entidades locais?

a) No regulamento de bens

b) No Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril

c) No Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro

d) No RD 896/1991, do 7 de xuño

20.- ¿Que lei básica estatal regula os dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais?

a) A Lei 7/2007

b) A Lei 30/1984

c) A Lei 7/1985

d) Ningunha das anteriores é correcta.

21.- ¿A quen corresponde o goberno e a administración municipal en municipios que non funcionan en réxime de concello aberto?

a) Ao concello, integrado polo alcalde e os concelleiros

b) Ao Pleno

c) Ao pobo

d) Ao alcalde



FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE TRABALLADOR SOCIAL DO CONCELLO DE VIMIANZO

22.- ¿Que órganos son de existencia preceptiva en tódolos concellos?

- a) A Xunta de Goberno Local e as comisión informativas
- b) O alcalde, os tenentes de alcalde e o Pleno**
- c) A comisión especial de suxerencias e reclamacións
- d) O alcalde, o Pleno e a comisión de benestar social

23.- A lei 39/2015 determina que os sábados deixan de ser, con respecto ao establecido na Lei 30/1992:

- a) días laborables.
- b) días hábiles.**
- c) días naturais.
- d) días festivos.

24.- Indique cal dos seguintes actos non sería nulo de pleno dereito:

- a) os que lesionen dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) os que incurran en calquera infracción do ordenamento xurídico.**
- c) os que teñan un contido imposible.
- d) os dictados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.

25.- ¿Qué actos administrativos son susceptibles de ser recurridos en vía administrativa?

- a) todos aqueles que supoñan un perxuízo para os interesados.
- b) as resolucións e actos de trámite.
- c) todos aqueles que produzan indefensión.
- d) as resolucións e actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou perxuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos.**

26.- ¿Cal é o órgano municipal competente para outorgar unha emerxencia social?

- a) o Pleno.



FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE TRABALLADOR SOCIAL DO CONCELLO DE VIMIANZO

b) o Alcalde, que pode delegar na Xunta de Goberno Local.

c) é competencia exclusiva e indelegable do Alcalde.

d) a Comisión de Benestar social.

27.- O persoal ao servizo das entidades locais pode ser:

a) funcionarios de carreira e laborais.

b) funcionarios de carreira ou interinos.

c) funcionarios de carreira, persoal laboral e persoal eventual.

d) funcionarios con habilitación estatal e funcionarios propios.

28.- ¿Cal é o órgano municipal competente para aprobar a plantilla e a oferta de emprego público?

a) o Pleno do Concello.

b) o Alcalde-Presidente.

c) a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno.

d) o Pleno e o Alcalde, respectivamente.

29.- A competencia da Xunta de Galicia en materia de asistencia social é:

a) Compartida co Estado.

b) Exclusiva, tal como establece o artigo 27, apartado 23 do Estatuto.

c) de execución da lexislación do Estado.

d) Exclusiva e excluínte.

30.- ¿Cales son as formas de terminación do procedemento administrativo?

a) a resolución.

b) a resolución, o desestamento, a renuncia, a caducidade e a imposibilidade material de continuar por causas sobrevidas.

c) as mencionadas na letra b), e ademais a terminación convencional.

d) ningunha das anteriores é correcta.



FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE TRABALLADOR SOCIAL DO CONCELLO DE VIMIANZO

31.- ¿Cales son os medios de execución forzosa dos actos administrativos?

- a) a execución subsidiaria.
- b) a execución subsidiaria e as multas coercitivas.
- c) os contemplados no artigo 96.1 da Lei 30/1992.
- d) os contemplados no artigo 100 da Lei 39/2015.**

32.- Sinale a data de entrada en vigor da Lei 39/2015:

- a) O mesmo día da súa publicación no BOP.
- b) O 2 de outubro de 2016.**
- c) Aínda non entrou en vigor.
- d) Vinte días despois da súa publicación no DOG.

33.- ¿En qué se fundamenta a Constitución, segundo o art. 2 da mesma?

- a) No estado democrático.
- b) Na indisoluble unidade da nación española.**
- c) No pobo español que a referendou.
- d) No poder soberano das Cortes Xerais

34.- A Constitución española de 1978 estruturase en:

- a) unha parte dogmática e unha parte orgánica.
- b) un Preámbulo, un Título Preliminar, dez Títulos, 4 Disposicións Adicionais, 9 Transitorias, unha derogatoria e unha final.**
- c) unha Exposición de Motivos, un Preámbulo, dez Títulos, 4 Disposicións Adicionais, 9 Transitorias, unha derogatoria e unha final.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

35.- Os principios constitucionais:

- a) están recollidos exclusivamente no artigo 1.2 da Constitución española.



FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE TRABALLADOR SOCIAL DO CONCELLO DE VIMIANZO

b) están sustancialmente incluídos no texto constitucional e teñen formalmente rango superior ó resto dos preceptos do mesmo.

c) constitúen o substrato ideolóxico, político e económico sobre o que descansa o entramado constitucional.

d) están contemplados unicamente no artigo 9.3 da Constitución española.

36.- ¿A qué situación administrativa pasa un funcionario que sexa nomeado Subdelegado do Goberno?

a) Servizo activo.

b) Servizos especiais.

c) Excedencia voluntaria.

d) Excedencia forzosa.

37.- Indique como define a Lei 15/1999 os datos de carácter persoal:

a) calquera información concerniente a persoas físicas ou xurídicas.

b) calquera información concerniente a persoas físicas indentificadas ou identificables.

c) calquera información que afecte á intimidade das persoas.

d) ningunha das anteriores é correcta.

38.- ¿En que casos o tratamento de datos require o consentimento do afectado?

a) En todos os casos.

b) En todos os casos, agás que a lei dispoña outra cousa.

c) Nos casos contemplados no artigo 6.2 da Lei 15/1999.

d) En todos os casos, agás que a lei dispoña outra cousa e agás nos casos contemplados no artigo 6.2 da Lei 15/1999.

39.- ¿A quen corresponde a competencia para a aprobación do orzamento municipal?

a) Ao alcalde.

b) Ao Pleno, e en determinados supostos á Xunta de Goberno Local.

c) Ao interventor.



FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE TRABALLADOR SOCIAL DO CONCELLO DE VIMIANZO

d) Ao Pleno en tódolos casos.

40.- ¿Que datos especialmente protexidos ten dereito a non declarar sobre eles o interesado?

a) Ideoloxía, relixión ou crenzas.

b) Ideoloxía e orientación sexual.

c) Ideoloxía e relixión.

d) Ningunha das anteriores é correcta.